



• **Os fillos do vento-VV.AA.-Positivas:** O pobo xitano , espallado por diferentes territorios e culturas, ten unha rica literatura oral, da que se recollen neste libro algúns contos tradicionais que reflexan a historia deste pobo, a súa hospitalidade, música, actitude ante o traballo, antimilitarismo, amor pola liberdade...

• **Auténticas e verdadeiras historias-J.C.Bermejo-Lóstrego:** Un "repaso" retranqueiro a cuestións fundamentais de Galicia e da humanidade . Relixión, institucións, filosofía, cultura, recursos. Nada escapa á parodia, imitando relatos satíricos do século XVIII.




E ademais: **30gramos**, de L.Moura (Alvarellos), **Svea Kött (carne sueca)**, de D.Tabuyo (Xerais), **Estremas**, de Ana Romaní (Galaxia-Dombate), **O imposible de desatar**, de I.García (Galaxia), **Obediencia**, de A.Lopo (Galaxia), **As horas rotas**, de C.Suárez (Sotelo Blanco) e **A neta do señor Linh**, de P.Claudel (Rinoceronte).

Por suposto, non esquezades -co superestrés das vacacións-que a Biblioteca Municipal segue aberta, e alí poderedes atopar libros para non pestanexar en todo o verán.

Coma sempre, despedímonos ata setembro; informar ás nenas e nenos de 6º que marchan ao IES de Fene que van atopar alí unha Biblio marabillosa, sen rato gordecho pero (aunque coidan que non) seguro que vive alí agochado ... algún rato de biblioteca!!!!

**DESEXAMOSVOS UNHAS MARABILLOSAS VACACIÓNS
LECTORAS E NON MENOS MARABILLOSAS LECTURAS
VACACIONAIS!!!!**

:3



BOAS LECTURAS

BICOS E RONRONEOS

DO RATO E MICA BIGOTES

